

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"
Tomo unha decisión final

DISPOSICIÓN E ACTITUDE ANTE OS ESTUDOS

Se queres seguir estudando e obter resultados satisfactorios é bo que fagas unha valoración sincera da túa disposición para o esforzo e a túa actitude ante os estudos

| DISPOSICIÓN PARA O ESFORZO | SÍ | NON | ¿? |
|---|-----------|------------|-----------|
| Cando suspendo unha materia, procuro recuperala o antes posible | | | |
| Penso ser constante no meu esforzo; sei o que quero e vou a conseguilo | | | |
| Farei o que sexa necesario para superalo, 2-3 ou máis horas diarias ata que remate | | | |
| Non me preocupa seguir preparándome | | | |
| Non penso nunha actividade laboral a curto prazo | | | |
| Teño hábito de estudar e non me custa demasiado esforzo | | | |
| Non me gusta perderme unha clase por nada | | | |
| Sei as dificultades que teño coas diferentes materias e penso poñer os medios para superalas | | | |
| Non me asustan as dificultades nos estudos | | | |
| Cando detecto un fallo na miña autoavaliación, ou indícanmo os meus profesores, esfórzome por corríxilo axiña | | | |

Conta os **SÍ**, **NON** e **¿?** que puxeches.

- ❖ Se os **SI** son maioría, tes afán de traballo para facer calquera cousa, a que máis atractiva che pareza, ben sexa o Bacharelato ou FP. Se prefires o campo profesional, máis que unha carreira universitaria, deberías contemplar a opción de cursar bacharelato e, despois, un ciclo superior de FP.
- ❖ Se a maioría de X se atopan entre o **SI** e o **¿?**, non parece preparado mentalmente para seguir un período longo de estudos.
- ❖ Se a maioría de X están no **NON**, non parece oportuno iniciar un período longo de estudos nestas condicións. No caso de elixir un Ciclo Formativo, terías que procurar ter verdadeiro interese por el, do contrario, o resultado é moi incerto. A busca dun traballo ou a Formación Ocupacional, pode ser o máis conveniente.

Por se quedas dubidoso, podes complementar o anterior con esta escala de actitudes

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"
Tomo unha decisión final

| ESCALA DE ACTITUDES ANTE O ESTUDO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Interesado nos estudos | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Estudoso | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Fago preguntas aos profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Vou con frecuencia á biblioteca | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Rindo segundo as miñas capacidades | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Estudio regular e periodicamente | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Son constante e ordenado no traballo | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Fago habitualmente tódalas tarefas escolares | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Presento ben os traballos | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Amplío os contidos con lecturas | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Sei tomar apuntes | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Estudio tódalas materias | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Os estudos non me producen depresión | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Non manifesto excesiva preocupación nin ansiedade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Os compañeiros elíxenme para facer traballos de clase | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Os profesores non se queixan de min | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Son disciplinado en clase | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Participo nos traballos de clase | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Colaboro coa boa marcha da clase | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Axudo aos compañeiros con problemas | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

Puntuación total =

Actitude ante os estudos = Puntuación Total : 20 = _____

Interpretación das puntuacións:

- **De 4,50 a 5** = **prognóstico moi favorable**
- **De 3,60 a 4,45** = **bastante favorable**
- **De 2,50 a 3,55** = **favorable**
- **De 1,60 a 2,45** = **pouco favorable**
- **De 1,00 a 1,50** = **moi pouco favorable**

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"
Tomo unha decisión final

RENDEMENTO ACADÉMICO

Nas vindeiras semanas tomarás unha decisión importante; antes , non estará mal que deas un vistazo ao teu pasado e presente académico. Nel poden estar algunhas claves do teu futuro.

NOS CURSOS ANTERIORES DA ESO

- ¿Como foron os estudos nos cursos anteriores?
- ¿Estás satisfeito dos teus resultados?.....
- Son un estudante
 Excelente Bo Regular Desmotivado Interesado
- ¿Que materias prefires?.....
- ¿Cres ter especiais capacidades para determinadas materias ou áreas de coñecemento?.....
 ¿En cales?.....
- ¿Tes repetidamente especiais dificultades con algunha materia?.....
 ¿En cal /es?.....
- ¿Obtés os mellores resultados nas materias que máis che gustan?.....

NO CURSO ACTUAL

Ás veces un ten dificultades, é algo que lle pode pasar a todo o mundo. Sen embargo, tamén podemos ter problemas máis serios e persistentes con algunhas materias. Con este inventario poderás analizar a túa situación escolar actual.

- Nas materias que estás cursando rodea cun círculo o tipo de cualificación obtida (B= baixa, menos de 5. M= media, entre 5 y 6,5. A= alta, máis de 6,5)
- A continuación, no apartado COMENTARIO explica obxectivamente por que cres ti que obtés esas cualificacións.

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"
Tomo unha decisión final

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1. Lingua Castelá e Literatura | A | M | B |
| 2. Lingua Galega e Literatura | A | M | B |
| 3. Matemáticas | A | M | B |
| 4. Inglés | A | M | B |
| 5. CC. Sociais, Xeografía e Historia | A | M | B |
| 6. Valores Éticos / Relixión | A | M | B |
| 7. Educación Física | A | M | B |
| 8. Física e Química / Latín | A | M | B |
| 9. Bioloxía e Xeoloxía / Economía | A | M | B |
| 10. Ciencias Aplicadas | A | M | B |
| 11. Iniciación á actividade empresarial | A | M | B |
| 12. Tecnoloxía | A | M | B |
| 13. Educación Plástica e Visual | A | M | B |
| 14. Música | A | M | B |
| 15. Francés | A | M | B |
| 16. Cultura Científica | | | |
| 17. TIC | | | |

COMENTARIO

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

Tomo unha decisión final

Para rematar, aquí tes uns cadros onde poderás comparar o BACHARELATO coa FP de GRAO MEDIO e, coa información que tes, ir facendo unha primeira aproximación de decisión.

COMPARACIÓN ESIXENCIAS XERAIS

| VARIABLE | BACHARELATO | CICLOS FORMATIVOS (GM) |
|---------------------------------------|--|---|
| Gusto polo estudo | ALTO Terás que estar disposto a seguir profundizando nas distintas materias, co obxectivo, a curto prazo, de aprender contidos, procedementos e actitudes que capacitan para enfrontarse con éxito aos estudos superiores vinculados coa modalidade escollida. | MEDIO Aínda que o nivel de dificultade poida ser igual, déixanse as materias clásicas. A novidade, por unha parte, e, pola outra, o contacto coa profesión preferida, son motivos, ás veces suficientes, para superar posibles desmotivacións (especialmente para aqueles con pouco gusto polos "libros") |
| Capacidade de estudo | ALTA Como o demanda o alto nivel de coñecementos que hai que adquirir neste nivel académico | MEDIA-ALTA Como o esixe o coñecemento e a adquisición das habilidades propias dunha especialidade laboral determinada; a maioría con certa complexidade e dun nivel de especialización acorde coas demandas laborais actuais. |
| Incorporación ao mundo laboral | A LONGO PRAZO Bacharelato + FP. Grao Superior = 4 anos mínimo (2+2) Bacharelato + Grao = 6 anos mínimo Bacharelato+ Grao / Master = 8 anos mínimo (2+4+2) | A MEDIO PRAZO Terminado o Ciclo, dous anos mínimo. |
| Aspiracións persoais laborais | ALTA Se se remata e se completa con outros estudos, universitarios ou de FP de Grao Superior, pódense alcanzar postos de responsabilidade, e alto nivel de cualificación | MEDIA-ALTA Na actualidade, a gran maioría que escolle un Ciclo Medio sen facer o Bacharelato, non segue estudando e busca traballo de técnico na especialidade estudada. O rematar o Ciclo Medio pódese pasar a un Ciclo Superior e deste a unha carreira universitaria. |

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"
Tomo unha decisión final

TOMO UNHA DECISIÓN FINAL

Antes de tomar unha decisión sobre o teu futuro considera :

| A túa situación persoal | A túa situación familiar | O que podes estudar | O mercado de traballo |
|--|---|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Aptitudes e intereses ▪ Actitude ante o estudo ▪ Gustos e aficións ▪ Personalidade ▪ Valores ▪ Rendemento académico | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Posibilidades da túa familia ▪ Aspiracións (o que queren que eu sexa no futuro) ▪ Necesidades | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ciclos de Grao Medio ▪ Bacharelato: <ul style="list-style-type: none"> - Ciclo de Grao Superior - Estudos Universitarios | <ul style="list-style-type: none"> ▪ A empresa privada ▪ O emprego público ▪ O traballo por conta propia |

RECORDA

O FINAL DA E.S.O. TES VARIAS OPCIONS :

CO TÍTULO DE GRADUADO EN E.S.O.

- BACHARELATO
- CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO
- MUNDO DO TRABALLO (MAIORES DE 16 ANOS)

SEN TÍTULO DE GRADUADO EN E.S.O.

- REPETIR 4º DA E.S.O.
- EDUCACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS (con 18 anos)
- ABANDONAR OS ESTUDOS → MUNDO DO TRABALLO SEN CUALIFICACIÓN PROFESIONAL

É o momento de ***tomar unha decisión***

**PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"
Tomo unha decisión final**

Nome :
4º ESO

As miñas preferencias académico- profesionais son:

| A CURTO PRAZO | A MEDIO-LONGO PRAZO |
|--|---|
| <p align="center"><i>Estudar Bacharelato</i></p> <p align="center">Modalidade:</p> <p><input type="checkbox"/> Ciencias e Tecnoloxía</p> <p><input type="checkbox"/> Humanidades e C.C. Sociais</p> <p><input type="checkbox"/> Artes Plásticas</p> <p><input type="checkbox"/> Artes Escénicas</p> <p><input type="checkbox"/> Bacharelato Xeral</p> | <p><input type="checkbox"/> <i>Ir a Universidade</i></p> <hr/> |
| | <p><input type="checkbox"/> <i>Facer un Ciclo Superior de FP</i></p> <hr/> |
| | <p><input type="checkbox"/> <i>Facer outros estudos</i></p> <hr/> |
| <p align="center"><i>Estudar Ciclos Medios de FP</i></p> <p align="center">Familia Profesional</p> <p><input type="checkbox"/></p> <p><input type="checkbox"/></p> | <p><input type="checkbox"/> <i>Facer Ciclos Superiores de FP</i></p> <hr/> |
| | <p><input type="checkbox"/> <i>Mundo Laboral</i></p> <hr/> |

¿COINCIDEN AS TÚAS PREFERENCIAS COS RESULTADOS DO TEST DE PREFERENCIAS PROFESIONAIS? SI NON

ESPECIFICA E XUSTIFICA QUE QUERES FACER O VINDEIRO CURSO : que, onde, por que, para que,

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME" Tomo unha decisión final

Se fas esta opción,

- ¿Ata que punto te sentes capaz de rematala?

→ Moi capaz

→ Medianamente capaz

→ Pouco capaz

- ¿Ata que punto te sentes capaz de realizala con éxito?

→ Moi capaz

→ Medianamente capaz

→ Pouco capaz

ESPAZO RESERVADO PARA OS PAIS

❖ ¿Pensan que a elección feita polo seu fillo/a é realista e axustada ás súas posibilidades?

SÍ

NON

❖ ¿Respectan a opción elixida polo seu fillo/a?

SÍ

NON

❖ ¿Cren que hai que orientar ao seu fillo/a cara outra opción?

SÍ

NON

❖ Observacións que queren facer chegar ao titor e á orientadora:

Sinatura dos pais